

Instrucións sobre a solicitude de comisión servizos

Para solicitar unha comisión de servizos deberá facerse accedendo ao enderezo www.edu.xunta.es/cadp e facendo a solicitude a través desa aplicación informática.

O persoal docente que depende da Consellería de Educación deberá acceder utilizando a súa conta de correo no dominio @edu.xunta.es empregando para acceder o seu usuario e o seu contrasinal.

Non caso de non pertencer ao persoal da Consellería de Educación deberá solicitarse unha conta de correo temporal no dominio @edu.xunta.es. Para iso deberase chamar aos teléfonos 981545407 ou 981545255 ou utilizar o enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es no caso de ser docente do corpo de ensinanza secundaria, profesor técnico de formación profesional, profesor de música e artes escénicas, profesor de escolas oficiais de idiomas e profesor ou mestre de artes plásticas e deseño.

No caso de ser docente do corpo de mestres poderase chamar ao 981957825 ou utilizar o enderezo persoal.primaria@edu.xunta.es. Unha vez realizado o sinalado anteriormente poderá xa solicitarse a comisión de servizos.

Para facer a solicitude de comisión de servizos elixirase a opción do menú “Solicitar comisión de servizos” e aparecerá unha pantalla co tipo de comisións de servizos que se poden solicitar. Para poder solicitar a comisión hai que premer na opción “Solicitar” da comisión correspondente.

O profesorado solicitante debe cubrir os seus datos de participación, peticións e a documentación que alega. No caso de persoal docente da Consellería de Educación que xa participase o ano pasado no concurso provisional recuperaráselle a instancia do ano pasado, podendo ser modificada polo solicitante.

Unha vez cubertos todos os datos, hai que acceder á pestana “Validación final” e premer no botón “Validar instancia”. A continuación, para obter o documento coa solicitude que deben presentar por rexistro, deberase premer o botón “Obter comprobante da instancia”. Xerárase un documento PDF coa solicitude cuberta que o solicitante deberá imprimir e presentar por rexistro xunto coa documentación que alega para optar á comisión solicitada. A instancia irá dirixida ao Departamento territorial no que se se estean prestando realmente servizos e, no caso do profesorado que solicita desde fóra da Comunidade Autónoma, a instancia dirixirase ao Departamento territorial para o que solicite.

Mentres o prazo estea aberto, os participantes poderán modificar a súa instancia no mesmo enderezo entrando na opción do menú “As miñas solicitudes” ou ben na opción “Solicitar comisións de servizo” nas comisións solicitadas premendo en “Modificar”.

AVISO IMPORTANTE: A única instancia válida será a presentada por rexistro, polo tanto se o solicitante fai cambios SEMPRE debe gardar os cambios e validalos na pestana “Validación final”, obter de novo o comprobante e presentalo no rexistro.